

ANEXO I

GUÍA PARA O CONTROL DE INFECCIÓN DA “GRIPE A” NAS ESCOLAS INFANTÍS

Nocións xerais da gripe

Os síntomas que caracterizan unha gripe, fronte os que haberá que estar alerta para tomar as decisións axeitadas son:

Máis significativos	Outros
<ul style="list-style-type: none">• Febre (>38°C)• Tose e/ou falla de alento• Aparición súbita de síntomas	<ul style="list-style-type: none">• Dor muscular• Dor de gorxa• Rinorrea (secreción nasal), esbirros• Falta de apetito• Dor de cabeza• Malestar• Arrepíos

Os nenos de 6 meses e máis pequenos, poden ademais presentar dor de barriga, diarrea e vómitos. En nenos moi pequenos, cansazo, mala alimentación e dificultade para a respiración, poden ser os primeiros signos. Os síntomas que está a presentar a gripe A(H1N1) son semellantes ós que se presentan nunha gripe estacional normal, pero esta situación pode cambiar en calquera intre e hai que estar alerta, e actuar sempre de acordo ás recomendacións que se expoñerán máis adiante. Ver na web: <http://galiciasaude.es/gripe> na epígrafe Información para a cidadanía/Como evitar contaxiar e contaxiarse, os signos e síntomas que alertan da gravidade nos nenos/as.

Transmisión: A gripe, transmítese de persoa a persoa por contacto estreito. A continuación expóñense algúns exemplos de como pode transmitirse:

- As persoas infectadas poden pasar o virus a outras tusindo, espirrando, ou incluso falando a unha distancia curta (a 1 metro ou menos)
- Pódese transmitir o virus por contacto directo con outra persoa: por exemplo, se estreitamos a súa man ou a collemos, e logo tocamos a nosa boca, os ollos ou o nariz sen lavar as mans previamente.

- O virus da gripe pode sobrevivir durante algún tempo no medio ambiente, por exemplo, nas superficies duras (aceiro inoxidable, plásticos...) máis de 72 horas. Polo contrario, en superficies porosas (roupa, cortinas, coxíns, panos, revistas, etc) é transmisible máis ou menos 24 horas.
- O virus pódese transmitir das mans ás superficies duras máis de 24 horas despois de que estas foran contaminadas, en cambio se se trata de superficies porosas durante só máis de 2 horas, aínda que en moi pouca cantidade despois de 15 minutos. Segundo isto pode ser posible coller o virus tocando obxectos que tocaran previamente persoas infectadas, e logo levar as mans á boca, os ollos ou o nariz sen lavalas antes.

Responsabilidades:

Todo o persoal do centro xoga un papel importante na redución da transmisión do virus da gripe. Hai dúas actuacións claves que convén lembrar:

- Boa práctica de hixiene de mans: lavar as mans regularmente, en especial despois de tusir, esburrar ou sonar o nariz.
- Se se teñen síntomas gripais, non ir a traballar e comunicalo ó director do centro. No caso de atoparse mal durante a xornada laboral informar e marchar para a casa.

Preparación do centro:

- Asegurar que hai material para a limpeza suficiente e que este está dispoñible. Se os servizos de limpeza son subministrados por unha empresa allea, comprobar que teñen plans de continxencia e cales son os seus procedementos na limpeza de rutina e a daquelas superficies máis tocadas.
- Asegurar que o necesario para a hixiene de mans está dispoñible e funciona correctamente. Ter suficiente stock de panos, toallas de papel e xabón. Se é posible poderíanse instalar billas de accionamento non manual, secadores e papeleiras con tapa para desbotar o lixo.
- Considerar onde instalar as solucións hidroalcohólicas, por exemplo nas entradas das aulas ou noutros lugares onde non existan lavabos para realizar a hixiene de mans.
- Revisar que se conta cun sitio adecuado para realizar illamento dun neno que se atopa mal no transcurso dunha xornada escolar, ata que poidan vir recollelo. O neno debe permanecer illado dos outros nunha habitación separada e vixiado por un maior. Os nenos moi pequenos deben ser supervisados polo menos cada 10 minutos xa que as súas condicións poden deteriorarse rapidamente.
- Asegurarse de que o persoal é consciente dos procedementos e a guía de control de infección.

Actuacións durante a época de maior incidencia de gripe:

Ter en conta que, aínda que non se pode eliminar totalmente pódese reducir en gran medida o risco de transmisión do virus da gripe mediante:

- Hixiene de mans frecuente con auga morna e xabón
- Minimizar o contacto das mans coa boca, ollos e nariz, a menos que estas se lавaran previamente.
- Cubrir o nariz e a boca cando se tuse ou esbirra
- Usar un pano de papel cando sexa posible e desbotalo axeitadamente.
- Ensinar e animar os nenos na medida do posible, segundo a súa idade, a que segan as medidas de hixiene de mans e respiratorias.

O persoal do centro é o que debe asegurar que as superficies duras (pomos das portas, interruptores das luces, billas...) se limpan con máis regularidade, usando os produtos usuais de limpeza.

Reducir a difusión da infección seguindo os seguintes consellos:

1. (Persoal) Asegurar que os elementos para a hixiene de mans e os diferentes dispositivos de panos, son axeitados, accesibles e están en funcionamento.
2. Ter en conta o subministro daquelo necesario para a hixiene de mans: solucións hidroalcohólicas, xeles alcohólicos...para o seu uso nas clases e promover a hixiene de mans sen necesidade de ir a outro cuarto.
3. Onde sexa posible, dispoñer dunha habitación de illamento para usar se algún neno cae enfermo durante o día, e os seus pais ou cuidadores non poden recollelo. Asegurar, tamén, que ese cuarto se limpa regularmente.
4. Illar ao neno (cunha adecuada supervisión) e informar aos pais e nais, cuidadores/as ou persoas de contacto o antes posible para que veñan recollelo. O neno non debe viaxar no autobús escolar, de non existir outra opción o persoal do centro asegurarse de que o neno se sente apartado dos demais e é capaz de cubrir a boca ou nariz cun pano ou máscara.
5. De notar signos ou síntomas de gravidade contactar co 061.
6. Recordar ós pais e nais e cuidadores/as que mentres os nenos teñan síntomas gripais deben permanecer na casa
7. Asesorar a aqueles outros lugares onde os nenos realizan actividades de que estes non vaian mentres presenten síntomas gripais (ximnasios, actividades extraescolares, sitios de recreo...)

8. Conseguir que os nenos laven as mans despois de xogar nas alfombras ou no chan, ou ben convencelos de que se senten en cadeiras, pois da outra maneira favorécese máis a contaminación cruzada.
9. Desanimalos a compartir lapiseiros e obxectos semellantes mentres dure a epidemia.
10. Estimular á hixiene e limpeza das mans e obxectos cando compartan xoguetes ou instrumentos musicais. Debido á dificultade de limpar os xoguetes brandos, estes retiraranse.
11. Non permitir que os nenos compartan instrumentos de aire
12. Evitar, na medida do posible, que os nenos permanezan xuntos en aglomeracións e sitios pechados.
13. Prestar especial atención a que se leve a cabo unha limpeza regular das superficies máis tocadas, tales coma os interruptores da luz ou os tiradores das portas. Asegurar que as provisións de materiais de limpeza son suficientes. Se a limpeza se leva a cabo por unha empresa externa comprobar que estes presentan plans de continxencia.

Medidas a tomar cando un neno cae enfermo

1. Débese nomear a un membro do persoal para coidar do neno na sala de illamento, coa porta da sala aberta.
2. O membro do persoal debe permanecer dentro da sala a un metro do neno, agás que o neno necesite axuda, neste caso, o membro do persoal debe usar unha bata desbotable e máscara cirúrxica. As luvas non son esenciais, aínda que o seu uso pode ser útil. Hai que lembrar ós membros do persoal que non toquen a súa propia cara durante o contacto co neno. Isto non substitúe as medidas de hixiene, que se deberían levar a cabo con frecuencia, e sempre antes e despois do contacto co neno sintomático. Se se trata dun bebé, colocar a súa cara no ombro do coidador, de xeito que non estea cara a cara con el.
3. Sería recomendable para o neno enfermo levar unha máscara cirúrxica, pero pode non ser práctico, dada a súa idade.
4. Co fin de minimizar o risco para o resto dos compañeiros, é esencial que os equipos de protección persoal se desboten adecuadamente. Para comezar, se vostede utilizou luvas, debe eliminalas primeiro, nun só movemento, a continuación, quitar a bata e, por último, a máscara, evitando tocar a parte frontal da máscara (mediante o uso de cintas).



5. Todos os equipos de protección persoal utilizados deben ser colocados nun cubo con tapadeira e etiquetada, e teñen que ser desbotados nunha bolsa pechada. Despois da eliminación, debe realizarse hixiene de mans, ben con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas. O persoal tería que ser adestrado no uso dos equipos de protección persoal
6. Unha vez que o neno xa se atopa na súa casa, asegúrese de limpar a aula a fondo antes do seu próximo uso con auga morna e deterxente: un produto de limpeza normal do fogar ou desinfectante.

Transmitir a mensaxe axeitada ós nenos

1. Débese ensinar e animar ós nenos, na medida axeitada segundo a súa idade, para que sigan os consellos sobre a hixiene persoal (lavarse as mans, minimizar o contacto entre as mans, boca e nariz, bo uso e eliminación dos panos).
2. Recoñecemos que non é posible para o persoal supervisar que todos os nenos segan os consellos en todas as ocasións, pero os recordatorios frecuentes contribúen a difundir as mensaxes axeitadas.
3. Recomendamos que o persoal faga uso de carteis coas medidas. Ditas medidas poden axudar a evitar outras infeccións normais ademais da gripe.